



# CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
463/2024	A Xunta de Goberno Local	02/09/2024

D. SERAFÍN ABAL NOVOA EN CALIDADE DE SECRETARIO ACCIDENTAL DE ESTE ÓRGANO, CERTIFICO:

Que na sesión celebrada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

**EXPEDIENTE 463/2024. CONTRATACIÓN DE OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO ( PLAN MAIS PROVINCIA 2024-LIÑA 1)**

Favorable      Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

## RESOLUCIÓN

**EXTE.:463/2024. CONTRATACIÓN DE OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO ( PLAN MAIS PROVINCIA 2024-LIÑA 1)**

En relación co expediente núm. 463/2024 relativo á adxudicación de contratación por procedemento aberto simplificado sumario de OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO ( PLAN MAIS PROVINCIA 2024-LIÑA 1), con base aos seguintes,

### ANTECEDENTES DE FEITO

#### 1. Á vista dos seguintes antecedentes :

- Expediente 117/2024 de contratación de data 15/02/2024 Servizo de redacción de de proxecto elaborado pola empresa BERCAL CINMA, S.L. (B13873286) por un importe total de DOUS MIL NOVECENTOS VINTE E OITO EUROS CON VINTE CÉNTIMOS (2.928,20 €)IVE incluído.
- Expediente 213/2024 de Acordo tomado pola XGL ( JGL/2024/6 ) do 22 /03/2024 de Aprobación de Proxecto de "OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO,CONCELLO DE BARRO" redactado por D. Rubén Calvarro Rivadulla, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos (Colexiado





núm. 30.511) en marzo de 2024, cun orzamento de execución por contrata de CENTO SETE MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS(107.313,80 €), IVE incluído.

- Expediente 213/2024 Solicitud de Subvención á Deputación De Pontevedra en data 22/03/2024 por importe total de CENTO DEZ MIL DOUSCENTOS CORENTA E DOUS EUROS (110.242,00 €),

- Expediente 213/2024 de Autorización de Deputación de Pontevedra en data 22/04/2024 para "OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO,CONCELLO DE BARRO" -Estrada 0506 | CURRO – PORTELA ( EXP.2024019705 )

- Expediente 213/2024 de Autorización de Augas de Galicia en data 23/04 /2024 para "OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO, CONCELLO DE BARRO" ( EXP. DH.W36.100314 )

- Expediente 213/2024 de Concesión de subvención PLAN MAIS PROVINCIA 2024.- LIÑA 1, en sesión de data 03/05/2024 ( PLN da Deputación de Pontevedra 4.8103 ) para Proxecto de "OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO,CONCELLO DE BARRO" por importe total de 110.242,00 €

- Expediente 213/2024 de Autorización de Patrimonio Cultural en data 29 /05/2024 para "OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO, CONCELLO DE BARRO" (EXP. 1228/24)

Á vista do expediente 463/2024 de contratación tramitado:

- 1.Memoria Xustificativa de data
- 2.Proposta de contratación do Servizo de data
- 3.Providencia de Alcaldía de data
- 4.Informe de Secretaría de data
- 5.Resolución de Alcaldía de Inicio do expediente de data
- 6.Cadro Resumen de Modelo de Prego de cláusulas administrativas de data
- 7.Prego de cláusulas administrativas de data
- 8.Informe fiscalización control interno aprobación do gasto





## 2 . Necesidade a satisfacer:

O Concello de Barro pretende mellorar a seguridade viaria nos camiños de titularidade municipal, por entender que son infraestruturas que de forma directa contribúen a mellorar a calidade de vida, especialmente nos núcleos rurais. As obras proxectadas teñen como obxectivo principal a pavimentación de 4 camiños públicos municipais do Concello de Barro comprendendo así o proxecto de " OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO".

## 3 . Á vista das características do contrato que se pretende adxudicar:

- Tipo de contrato: OBRAS
- Subtipo do contrato:ADMINISTRATIVO
- Obxecto do contrato:OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO-PLAN MAIS PROVINCIA 2024.- LIÑA 1.
- Procedemento de contratación:ABERTO SIMPLIFICADO
- CPV:45233251-3 Traballos de repavimentación
- Tipo de Tramitación: Ordinaria
- Valor estimado do contrato:88.689,09€
- Valor execución material: 74.528,65€
- Gatos Xerais 13%: 9.688,72€
- Beneficio Industrial 6%:4.471,72€
- Orzamento base de licitación IVE excluído:88.689,09€
- IVE %:18.624,71€
- Orzamento base de licitación IVE incluído:107.313,80€
- Duración do contrato:2 MESES

Lotes:

- LOTE 1:ÚNICO
- Código CPV:45233251-3 Traballos de repavimentación





•Descrición do lote:OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO-PLAN MAIS PROVINCIA 2024.-LIÑA 1.

•Valor estimado:88.689,09€

•Orzamento base de licitación IVE excluído:88.689,09€

•IVE %:18.624,71€

•Orzamento base de licitación IVE incluído:107.313,80€

•Lugar de execución:

• Valbón:

Coordenadas WGS84. Latitude = 42°31'04.8"N, Lonxitude = 8°39'02.9"W.

Coordenadas UTM ETRS89 fuso 29 = X: 528682.82 , E: 4707346.15.

• A Porriña:

Coordenadas WGS84. Latitude = 42°31'11.3"N, Lonxitude = 8°38'27.0"W.

Coordenadas UTM ETRS89 fuso 29 = X: 529508.14 , E: 4707559.71.

• Piñeiro:

Coordenadas WGS84. Latitude = 42°31'13.0"N, Lonxitude = 8°38'53.0"W.

Coordenadas UTM ETRS89 fuso 29 = X: 528908.58 , E: 4707604.71.

• A Áspera:

Coordenadas WGS84. Latitude = 42°30'15.0"N, Lonxitude = 8°39'16.5"W.

Coordenadas UTM ETRS89 fuso 29 = X: 528379.23 , E: 4705812.31

#### **4. Acordo da Xunta de Goberno Local do 10/07/2024:**

*"PRIMEIRO. Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento ABERTO SIMPLIFICADO para as OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO-PLAN MAIS PROVINCIA 2024-LIÑA 1, convocando a súa licitación.*

*SEGUNDO. Aprobar os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas que rexerán o contrato.*





*TERCEIRO. Aprobar o gasto correspondente por importe de 107.313,80€ euros ( IVE INCLuíDO ) na aplicación orzamentaria 2024.1532.61900 /2024/0021.*

*CUARTO. Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.*

*QUINTO. Publicar o anuncio de licitación no perfil de contratante co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.*

*SEXTO. Publicar no perfil de contratante toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.*

*SÉTIMO. Designar aos membros da mesa de contratación e publicar a súa composición no perfil de contratante:*

*– XOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ ABRALDES, que actuará como Presidente da Mesa.*

*– SERAFÍN ABAL NOVOA, Vogal(SECRETARIO-INTERVENTOR da Corporación).*

*– RICARDO SOBRAL CASALDERREY, Vogal*

*– Actuará como Secretario da Mesa JUAN JOSE PENA BARROS.*

*OITAVO.- Designar Director das obras e coordinador de seguridade e saúde ó Arquitecto Técnico Municipal a D. RICARDO SOBRAL CASALDERREY."*

**5.** En data 03/07/2024 publicouse na Plataforma de Contratos do Sector Público o anuncio de contratación OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO ao abeiro do PLAN MAIS PROVINCIA 2024.- LIÑA 1.

**6.** Consta no expediente certificado de secretaría das proposicións presentadas, na que se fai constar que durante o prazo de VINTE DIAS a contar desde o día seguinte ao de publicación en data 03/07/2024 do anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público no





procedemento de adxudicación do contrato de OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO ao abeiro do PLAN MAIS PROVINCIA 2024.- LIÑA 1.

**7.** O día 29 de xullo de 2024, ás 09:26 horas, constitúese a Mesa de Contratación para a adxudicación do contrato, co seguinte resultado:

*"A Mesa de Contratación declara admitidas as seguintes proposicións:*

*PT1.RPL.5368852ASFALTOS LUIS FERNANDEZ S.L 23-07-2024 13:30:13 +02:00 UTC*

*PT1.RPL.5366751CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL 23-07-2024 13:19:24 +02:00 UTC*

*PT1.RPL.5368014CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS SA COVISA23-07-2024 11:26:30 +02:00 UTC*

*PT1.RPL.5366742CONSTRUCCIONES VALE SL 23-07-2024 11:07:50 +02:00 UTC*

*PT1.RPL.5367169GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.23-07-2024 10:36:41 +02:00 UTC*

*PT1.RPL.5368426MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L. 23-07-2024 10:32:51 +02:00 UTC*

*PT1.RPL.5368092Construcciones Fechi, S.L.U. 23-07-2024 10:25:47 +02:00 UTC*

*PT1.RPL.5367127Construcciones Caldevergazo, S.L. 23-07-2024 08:49:54 +02:00 UTC*

*PT1.RPL.5357933CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L. 18-07-2024 10:35:52 +02:00 UTC*

*PT1.RPL.5356213CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA 17-07-2024 13:33:52 +02:00 UTC*

*PT1.RPL.5340766EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. 11-07-2024 12:23:05 +02:00UTC*

*A Mesa de Contratación non rexeita ningunha proposición.*

**2. LISTAXE DE OFERTAS.**





*A listaxe das ofertas admitidas é o seguinte:*

*LICITADOR OFERTA M2 A MAIS*

*ASFALTOS LUIS FERNANDEZ S.L.1000,00*

*CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL1400,00*

*CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS SA COVISA800,00*

*CONSTRUCCIONES VALE SL701,00*

*GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L.425,00*

*MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.500,00*

*Construcciones Fechi, S.L.U.70,95*

*Construcciones Caldevergazo, S.L.680,00*

*CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L.702,00*

*CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA2025,00*

*EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A.500,00*

### *3. CLASIFICACIÓN DAS OFERTAS*

*Procédese á clasificación das ofertas co seguinte resultado e por orden de puntuación:*

*LICITADOR OFERTA PUNTOS*

*CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES SA 2025 10,00*

*CONSTRUCCIONES ENRIQUE C CASAS SL 1400 6,91*

*ASFALTOS LUIS FERNANDEZ S.L 1000 4,94*

*CONSTRUCCIONES Y VIALES DEL SALNÉS SA COVISA 800 3,95*

*CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO S.L. 702 3,47*

*CONSTRUCCIONES VALE SL 701 3,46*

*Construcciones Caldevergazo, S.L. 680 3,36*

*MOVIMIENTO DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.500 2,47*





*EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES S.A. 500 2,47*

*GALSUR PROYECTOS Y OBRAS, S.L. 425 2,10*

*Construcciones Fechi, S.L.U. 70,95 0,35*

#### *4. PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN*

*En consecuencia, a Mesa propón ao órgano de contratación a adxudicación aos seguintes licitadores:*

#### *LOT LICITADOR PUNTUACIÓN*

*1 CONSTRUCCIONES OBRAS E VIAIS S.A. 10 puntos*

#### *5. REXISTRO OFICIAL DE LICITADORES E DE EMPRESAS CLASIFICADAS*

*A mesa procede á comprobación no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas que as empresas propostas como adxudicatarias están debidamente constituídas, os asinantes das proposicións teñen poder bastante para formular a oferta, ostentan a solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso a clasificación correspondente e non están incursas en ningunha prohibición para contratar.*

*Lote Adxudicatario proposto Observacións*

*1 CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A. NINGUNHA*

#### *6. REQUIRIMENTO DE DOCUMENTACIÓN*

*Tras a comprobación no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas, requírese mediante comunicación electrónica ao licitador proposto como adxudicatario para que constitúan a garantía definitiva, así como para que achegue o compromiso ao que se refire o artigo 75.2 e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2; e todo iso no prazo de 7 días hábiles a contar desde o envío da comunicación."*

**8.** En data 02/08/2024 a empresa CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S. A. achega documentación requirida que se refire o artigo 75.2 e a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 76.2.







9. Consta no expediente informe de fiscalización de FASE D do Secretario-Interventor do Concello.

### LEXISLACIÓN APLICABLE

— Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 159 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación por ALCALDE de conformidade co disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, así como a resolución do Alcalde de delegación de competencias de data 12/07/2023.

### A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, LOGO DE BREVE DELIBERACIÓN, POR UNANIMIDADE ACORDA:

**PRIMEIRO.** Adxudicar o contrato de OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO ao abeiro do PLAN MAIS PROVINCIA 2024.- LIÑA 1, nas condicións que figuran na súa oferta e as que se detallan nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas a:

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES S.A, con CIF A36008886

Comprometéndose a executar, así mesmo, unha mellora consistente en 2.025 m<sup>2</sup> de asfaltado a mais nas mesmas condicións que figuran no proxecto, por importe de 88.689,09€ mais 18.624,71€ de IVE.





**SEGUNDO.** Son características e vantaxes determinantes de que sexan seleccionadas as ofertas presentadas polos citados adxudicatarios con preferencia ás presentadas polos restantes licitadores cuxas ofertas foron admitidas, as seguintes: A oferta presentada axústase a todas as condicións fixadas no prego e é a que mais se adapta aos intereses do Concello.

**TERCEIRO.** Aprobar o gasto correspondente por importe de CENTO SETE MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS ( 107.313,80 €) IMPOSTOS INCLUÍDOS, con cargo á partida orzamentaria 2024.1532.61900.

**CUARTO.** Dar conta da presente Resolución a Intervención e a Tesouraría aos efectos de practicar as anotacións contables que procedan.

**QUINTO.** Publicar anuncio de adxudicación no perfil de contratante en prazo de 15 días.

**SEXTO.** Designar como responsable do contrato ao Secretario Interventor do concello.

**SÉTIMO.** Notificar a adxudicación aos licitadores que non resultaron adxudicatarios.

**OITAVO.** Notificar a CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS S.A., con CIF A36008886 adxudicatario do contrato, o presente Acordo así como citarlle para a sinatura do contrato a través do portafirmas da sede electrónica do concello de Barro, que terá que realizar no prazo máximo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte ao da recepción da notificación deste acordo, conforme ao disposto no artigo 153.3 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

**NOVENO.** Publicar anuncio de formalización do contrato no Perfil de contratante en prazo non superior a quince días tras a perfección do contrato e co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

**DÉCIMO.** Comunicar ao Rexistro de Contratos do Sector Público os datos básicos do contrato incluíndo a identidade do adxudicatario, o importe de adxudicación, xunto co desglose correspondente do Imposto sobre o Valor Engadido.





**Concello de Barro**

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

Cod. Validación: 4J5WNV5PEA326MPONFNSANHEFY  
Corrección: <https://barro.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 11

---

**Concello de Barro**

San Antoniño 11 -Perdecanaí, BARRO. 36194 (Pontevedra). Tfno. 986711002. Fax: 986711001

